

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre 2008 e 2014 (último dato publicado polo INE), o salario medio subiu en Galiza un 5%, dos 19.156 euros aos 20.196.

Sen embargo, os salarios medios que perciben as persoas menores de 35 anos permanecen estancados en niveis previos á crise (16.169 euros en 2008, 16.312 en 2014).

Ademais da conxelación sufrida polas persoas entre 25 e 34 anos, os traballadores e traballadoras entre 45 e 54 anos viron reducido o seu salario medio nun 0,6%, dende os 22.490 euros ata os 22.361.

O 85% das mulleres asalariadas galegas traballan no sector servizos, que é onde menos creceron os salarios nos últimos seis anos, situándose por detrás dos salarios medios no sector da construción e lonxe dos salarios do sector industrial.

Segundo o INE, a explicación de que, dándose unha perda salarial da clase traballadora se produza a subida do salario medio débese a que os postos directivos, profesionais e técnicos/as viron incrementado o seu salario dende 2008 en 2.000 euros; persoal administrativo e auxiliar, operadores/as de

maquinaria e traballadores/as non cualificados/as perderon salario ou mantivéronse igual dende 2008.

Para rematar, o salario medio anual dos traballadores galegos sitúase en 22.505 euros, case cinco mil euros por riba do das mulleres (17.797).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e loitar contra a precariedade laboral da mocidade.
2. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.
3. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover que na Negociación Colectiva de ámbito galego se considere obxectivo a acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.



Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.